



CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

DECLARACIÓN RESPONSABLE - ESPECTÁCULO PÚBLICO OU ACTIVIDADE RECREATIVA (con instalacións non permanentes desmontables)

DNI ou CIF	Nome e apelidos ou razón social	Teléfono			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>			
ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS					
Nome da rúa, praza, etc		Número	Piso	Porta	Código Postal
<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Parroquia	Municipio	Provincia		Correo electrónico	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>	
DATOS DO REPRESENTANTE (no caso de existires)					
DNI ou CIF	Nome e apelidos ou razón social	Teléfono			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>			

DIGO:

Que teño a intención de levar a cabo o seguinte espectáculo público / actividade recreativa:

Que o espectáculo público / actividade recreativa se desenvolverá no seguinte enderezo:

Que a parcela na que se desenvolverá o espectáculo público / actividade recreativa ten a seguinte referencia catastral:

Que o espectáculo público / actividade recreativa se desenvolverá entre as e as horas do/s día/s do mes de de 20 .

Que para a realización do espectáculo público / actividade recreativa **é preciso a montaxe de estruturas permanentes desmontables.**

En consecuencia, **DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:**

- Que o espectáculo público / actividade recreativa prevista cumpre tódolos requisitos que resultan esixibles de acordo co previsto na lexislación vixente e, en particular, nas seguintes disposicións:
 - Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
 - Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
 - Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
 - Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.
 - Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.
 - Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Nigrán (BOP do 23/11/91).
 - Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia.
 - Lei 38/1999, do 25 de novembro, de Ordenación da Edificación.
 - Lei 10/2014, do 3 de decembro, de Accesibilidade de Galicia.

- o Real Decreto 314/2006, do 17 de marzo, do Código Técnico da Edificación e normativa de desenvolvemento.
- o Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.
- o Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- o Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído, e Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.
- o Ordenanza municipal de protección contra a contaminación acústica (BOP do 2/10/09 e modificación do BOP do 11/10/12).

En consecuencia, o espectáculo público / actividade recreativa que se pretende realizar é conforme coa normativa aplicable, reunindo o establecemento as condicións de seguridade (en especial en materia de protección contra incendios e seguridade de utilización), funcionalidade, accesibilidade, sanidade, salubridade, protección contra a contaminación acústica, as previstas no planeamento urbanístico, e as demais que podan resultar esixibles.

- Que o espectáculo público / actividade recreativa non está sometido a licenza municipal, por non concorrer as condicións previstas no artigo 41 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

En consecuencia, nin o espectáculo público / actividade recreativa en si mesmo nin a montaxe de instalacións para a súa celebración requiren de plan de autoprotección nin plan ou estudo específico segundo a normativa sectorial aplicable, nin se instalarán escenarios ou estruturas móbiles.

- Que me atopo en posesión da documentación técnica xustificativa do cumprimento da normativa correspondente.
- Que conto coas autorizacións e informes sectoriais preceptivos para a celebración do evento, e que realicei as inscricións en rexistros e as comunicacións previas ou declaracións responsables necesarias para o seu exercicio perante outras Administracións con competencias na materia.
- Que me comprometo a conservar a documentación que acredita o cumprimento dos requisitos esixidos durante o desenvolvemento do evento, así como á súa presentación a requirimento do persoal encargado para a súa comprobación.
- Que unha vez finalizado o evento restituirase, no seu caso, o espazo público que se poda ter utilizado ao seu estado anterior, en perfectas condicións de limpeza e conservación.
- Que os datos consignados son certos e que sei que a inexactitude, falsidade ou omisión dos datos comunicados determinará a imposibilidade de continuar o evento dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que dera lugar e da instrución do oportuno procedemento sancionador, se procede.
- Que coñezo que a resolución do Concello, de declarar a existencia das circunstancias do apdo. anterior, poderá determinar a obriga de restituir a situación xurídica ao momento previo ao inicio do evento correspondente.
- Que me comprometo a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente ao exercicio da actividade.

Aos efectos anteriores e de conformidade co previsto no art. 40 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, **achego a seguinte documentación:**

- Fotocopia do DNI do interesado e, no seu caso, acreditación da representación.
- Proxecto e/ou documentación técnica asinados por persoa técnica competente.
- Documento acreditativo da designación, por quen presente a declaración, da persoa física ou xurídica que deberá asumir a responsabilidade da montaxe da instalación.
- Marcación CE e declaración CE de conformidade das instalacións que correspondan segundo as súas características e o certificado da instalación de baixa tensión de conexión coa rede.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil obrigatorio, previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, e o recibo de pagamento das primas correspondentes ao período do seguro en curso ou a copia destes.
- Documento acreditativo da dispoñibilidade do establecemento ou espazo aberto ao público en calidade de propietarios/as ou en virtude de calquera outro título xurídico.
- Informe de ensaio acústico, ou declaración do titular de conformidade co art. 11.3 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo (DOG nº 145 do 3/08/15), se procede.
- Reportaxe fotográfica actual do establecemento, local, parcela ou emprazamento no que se vaia celebrar o evento.
- Autorización sectorial de Costas Estradas Augas (*dominio público hidráulico*), no seu caso.

Á vista de canto antecede, formulo a **DECLARACIÓN RESPONSABLE** relativa aos extremos mencionados aos efectos oportunos.

En Nigrán, a de de 20 .

Asdo.

INFORMACIÓN DE INTERESE PARA EXERCITAR OS SEUS DEREITOS

Principios normativos: A Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, na súa redacción dada pola Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, establece que a apertura dos establecementos públicos e a organización de espectáculos públicos e actividades recreativas están sometidas con carácter xeral ao réxime de declaración responsable previsto na dita lei, agás nos casos en que por razóns de interese xeral sexa necesario a obtención de licenza municipal, de acordo cos supostos previstos no art. 41.

A presentación da declaración responsable, co conseguinte efecto de habilitación a partir dese momento para o exercicio material da actividade, non prexulgará a situación e efectivo acomodo das condicións do evento á normativa aplicable, nin limitará o exercicio das potestades administrativas de comprobación, inspección e sanción, e en xeral de control atribuídas á Administración (estatal, autonómica ou local) pola normativa aplicable en cada caso.

A inexactitude, a falsidade ou a omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore á declaración responsable, así como a non presentación da declaración responsable ou da documentación requirida para acreditar o cumprimento do declarado, determinarán a imposibilidade de continuar co exercicio da actividade desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das posibles responsabilidades penais, civís ou administrativas.

As sancións polas inexactitudes ou omisións non esenciais nos datos obxecto de comunicación previa poden ascender ata 300,51 €. De ter as ditas inexactitudes ou omisións carácter esencial, a sanción de multa poden oscilar entre 300,52 € ata 30.050,61 €. As sancións polo engano ou falsidade nas comunicacións previas poden consistir, entre outras, en multa de 30.050,62 € ata 601.012,1 €.

Seguro obrigatorio: os organizadores de espectáculos públicos e actividades recreativas están obrigados a dispoñer dunha póliza de seguro de responsabilidade civil. A vixencia deste seguro ten que manterse durante o tempo en que se desenvolvan aquelas actividades. A póliza de seguro terá as seguintes contías, atendendo á capacidade do espectáculo / actividade recreativa:

- Ata 100 persoas: 300.000 euros de capital asegurado.
- Ata 150 persoas: 400.000 euros de capital asegurado.
- Ata 300 persoas: 600.000 euros de capital asegurado.
- Ata 500 persoas: 750.000 euros de capital asegurado.
- Ata 1.000 persoas: 900.000 euros de capital asegurado.
- Ata 1.500 persoas: 1.200.000 euros de capital asegurado.
- Ata 2.500 persoas: 1.600.000 euros de capital asegurado.
- Ata 5.000 persoas: 2.000.000 de euros de capital asegurado.
- Cando a capacidade sexa superior a 5.000 persoas, a cantidade mínima de capital asegurado incrementárase en 60.000 euros por cada 1.000 persoas ou fracción de capacidade superior a 5.000 persoas, ata chegar a 6.000.000 de euros.

Sen prexuízo do anterior, a realización de espectáculos públicos ou actividades recreativas en espazos abertos ao público non delimitados e de capacidade indeterminada requirirá a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil por contía mínima de 300.000 euros.

Presentación das declaracións responsables: As declaracións responsables e documentación anexa presentaranse directamente no Rexistro Xeral do Concello de Nigrán na Praza da Constitución nº 1, dentro do horario de apertura establecido, ou ben por calquera outro dos medios previstos no art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

Representación: Deberá acreditar que ostenta tal condición mediante poder notarial ou en comparecencia persoal do interesado, todo elo conforme ao disposto no art. 5 da LPAC

Taxas e impostos: Os regulados na ordenanza fiscal da taxa polo outorgamento de licenzas urbanísticas ou realización das actividades administrativas de control e outros servizos urbanísticos de control, sen prexuízo doutros previstos legal e regulamentariamente.